

## Pedro RIELO

### Palabras de xeo

#### I

Escribo no cerne da noite doente  
estarcido por sentir chagas en todo o corpo,  
coa televisión do veciño do terceiro batendo impulsivamente,  
lostregando como os mísiles que caen sobre Bengasi.  
Escribo palabras soltas,  
números imprecisos dos días que non vin,  
dos solpores feridos tras unha xanela,  
dos mapas no país do frío,  
de todas as voces que reclaman o seu sitio,  
presenzas de hedra e xeo.  
Escribo sabendo que sería mellor desconectar o sistema inmunolóxico,  
rachar un cristal entre os dedos húmidos,  
padecendo calafríos polo corpo;  
cando menos sentirse vivo.  
Escribo sen deixar de ter frío na escuridade,  
sen nada,  
cuestións da climatoloxía adversa,  
na cabeza tamén rebilba o vento,  
porque emite sinais desesperadas na madrugada,  
nesas horas nas que non tes a quen chamar.  
Escribo cando todos están ocupados durmindo  
enguedellando soño tras soño nese acougo da ingravidez  
atoados na carne engruñada  
de onde custa traballo poder saír.

#### II

Escribo nas horas secretas,  
abirtando novas posibilidades fronte ao desalento,  
sendo incapaz de entender a miña letra confusa,  
garabatos sobre o papel branco.  
Escribo palabras de fogo,  
para manter a lapa acesa dunha vida sen rutinas,  
correndo detrás das palabras  
sempre co degoiro de que me leven a algún lado,  
non sentirme entullado na confusión,  
sempre ese desexo.  
Escribo co frío calado no corpo  
e isto non é unha metáfora,  
as metáforas foron de viaxe,  
se cadra perderon o pasaporte de regreso.  
Escribo dispoñendo dun reino incerto nas miñas mans,  
onde estará a república das letras,  
que foi da irmandade das palabras furtivas?

Elas ollan cara a outro lado,  
 non entenden os vestixios da carne,  
 a dor inevitable.  
 Escribo diante de facianas encoveiradas,  
 evitando ser un moicante máis,  
 ganduxando solpores a eito,  
 mentres regresa o misterio dos nomes.

### III

Escribo cando sinto un estourido nas mans arrefriadas,  
 as palabras xorden a manchea,  
 talladas coa vontade do explorador de abismos  
 para romper as sombras.  
 Escribo palabras que descubren rotas serodias,  
 esas que están moi dentro dun.  
 Escribo palabras coma quen abre novas pistas  
 coma quen bota asfalto nun camiño,  
 para descubrir realidades,  
 para chegar ata o fondo de min.  
 Escribo aínda que doia severamente  
 tendo un fouciño entre as mans  
 co que vou segando as malas herbas,  
 o que non quero.  
 Escribo para chegar a eses lugares secretos que ten que haber  
 e que non sei onde están.  
 Escribo coma se estas fosen as últimas palabras,  
 o alento ditando sensacións desde as zonas máis sombrizas,  
 as que preciso sacar fóra,  
 que me chegan sen sabelo.  
 Escribo para encetar unha longa travesía desde o maxín rebuldeiro  
 ata chegar ás mans nerviosas.  
 Escribo polos que non poden escribir  
 atarefados noutras angueiras.

### IV

Escribo sabendo que todos rematan converténdose en Pat Garrett  
 pasándose ao outro lado da fronteira  
 e sen deixar nada para a inocencia.  
 Todos van envellecendo,  
 perdéndose no abismo do cansazo,  
 cun andar lento, adoecido,  
 con esa anguria de non ter futuro  
 e coa sensación dunha vida a medias,  
 na que todos van envellecendo nunha madurez aburrida e noxenta.  
 Escribo co espírito indomable de Billy O Neno  
 fugándose unha vez máis  
 mentres eles claudican na monotonía e quedan cegos no salón da casa,  
 cansos de si mesmos, abafados de todo.  
 Escribo sabendo que xa nada me pode facer dano  
 porque manteño viva a MEMORIA DO LÓSTREGO.